

## **INTERNACIONAL DE POESÍA ANARQUISTA DE SAMUEL L. PARÍS (EDICIÓN POSITIVAS)**



Unha das publicacións máis sorprendentes e radicalmente novidosas deste ano veu da man de Edicións Positivas e a súa colección DiVersos: **unha escolma de poesía anarquista** coordinada por Samuel L. París (Muros, 1984), escritor e músico ben coñecido para boa parte do público galego por ser membro da banda **Terbutalina**. París realiza unha antoloxía internacionalizada de versos ignotos e de temática insospeitada para moitas lectoras, achegando **traducións inéditas e supervisadas na súa maioría polos seus autores nas súas linguas orixinais**, e dando a coñecer unha mancha de poetas adoito situados nas marxes do sistema literario. Unha publicación que sacia toda curiosidade e á que paga a pena achegarse.